

## **SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE ABRIL DE 2.010**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día 30 de abril de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, e D. Arcadio Lombao Román, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.**

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta do contido da proposta de modificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos:

#### INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

#### FINCA RÚSTICA Nº 7

#### MATELA

NOME: PARCELA Nº 329 do polígono 106 do catastro de rústica

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescripción: rústico, agrario

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: A Granda, parroquia de Matela

Lindeiros:

Norte: parcelas 330, 332, 333 e 10009 do mesmo polígono.

Sur: Camiño.

Leste: parcela 450 do polígono.

Oeste: Camiño.

SUPERFICIE: 4.889 M2, trala expropiación de 109 m2, no seo do expediente lu/02/018.01, da COTOP.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Resolución expediente investigación de fecha de 18 de xullo de 2008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10795. Tomo 1141, libro 97, folio 26.

FINCA RÚSTICA Nº 8

OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA Nº 604 do polígono 73 do catastro de rústica

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescripción: rústico, agrario

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: Colindancia con A-VI.

Lindeiros:

Norte: parcelas 57 e 59 do polígono 73.

Sur: Autovia A-VI Madrid-Coruña. Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente e parcela 60 do polígono 73.

Leste: Estrada Provincial Outeiro-La Palloza e Parcela 59 do polígono 73.

Oeste: Autovia A-VI Madrid-Coruña

SUPERFICIE: 3.798 M2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Antigo Monte comunal desafectado. Posesión inmemorial. Declarada mediante resolución expediente investigación de fecha de 18 de novembro de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10.794. Tomo 1141, libro 97, folio 25.

FINCA RÚSTICA Nº 9

OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA Nº 500 do polígono 58 do catastro de rústica

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza demanial

Prescripción: servizo municipal de tratamento de auga.

SITUACIÓN:

Parroquia: Martul

Lugar: Ribeira Grande.

Lindeiros:

Norte: río Ladra.

Sur e Leste: parcela 499 de José Maria Rodríguez Vallejo, hoxe Concello de Outeiro de Rei.

Oeste: parcela 501 de Ramón Varela Testa.

SUPERFICIE: 455 M2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Compraventa a dona María Josefa Benigna Lorenzo Piñeiro, documentada en escritura notarial expedida por dona Moserrat Trigo Mayor, Notaria con residencia en Castro de Rei, con data de 4 de marzo de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non consta.

PORCIÓN VIAL Nº 87

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN “CORTIÑA DA AIRA E DO RASCO”-  
BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: “CORTIÑA DA AIRA E DO RASCO” .

Lindeiros: Norte, Sur e Oeste, camiños e polo Este, coa finca matriz (Parcela nº 142, polígono 94).

SUPERFICIE: 559,21 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 18 de xullo de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10804. Tomo 1141, libro 97, folio 41.

PORCIÓN VIAL Nº 88

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VEIGUICELA – CELA..

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: “CARREIRA” - VEIGUICELA

Lindeiros: Norte: José Díaz Meilán; Sur, José Ramón Vigo Cabanas; Este, finca matriz (Parcela 449, Polígono 16) e polo Oeste: Camiño.

SUPERFICIE: 43,16 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 22 de xullo de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10765. Tomo 1141, libro 97, folio 163.

PORCIÓN VIAL Nº 90

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BOUZAS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: norte coa parcela matriz, sur camiño público, este coa parcela nº 585 e polo oeste coa parcela nº 45.

SUPERFICIE: 135 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 1 de xullo de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10802. Tomo 1141, libro 97, folio 38.

PORCIÓN VIAL Nº 92

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: Norte coa parcela nº 150; Sur coa finca matriz resultante da segregación efectuada en data de 21/04/2009; Leste finca matriz “Cotiña dos triguños o reguiños”; e Oeste camiño público.

SUPERFICIE: 97,53 m<sup>2</sup>.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 10 de xuño de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10803. Tomo 1141, libro 97, folio 39.

PORCIÓN VIAL Nº 96

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BONXE – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BONXE

Lindeiros: Norte, José Luís Veiga Román, cunha parcela que foi segregada desta leira; sur, 114 de Manuel Méndez Gutierrez; Este, coa finca matriz e polo Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 1.095 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 15 de maio de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10801. Tomo 1141, libro 97, folio 37.

PORCIÓN VIAL Nº 97

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN ROBRA – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: ROBRA

Lindeiros: norte coa finca ; ao Sur con estrada; ao Leste con Munuel Barreiro Hortas e José María Flores Vila; e ao Oeste con Jesús Neira López e José Indalecio Varela Castro.

SUPERFICIE: 84,23 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de maio de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

10804. Tomo 1141, libro 97, folio 40.

PORCIÓN VIAL Nº 98

SANTA MARIÑA

NOME: PORCIÓN VIAL EN FELPAS-SANTA MARIÑA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SANTA MARIÑA

Núcleo/lugar: FELPAS

Lindeiros: Norte coa finca matriz, Sur coa estrada, Este coa parcela 149, Oeste termina en punta.

SUPERFICIE: 113,50 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de abril de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10800. Tomo 1141, libro 97, folio 36.

PORCIÓN VIAL Nº 99

ROBRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENELAS – ROBRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: PENELAS

Lindeiros: NORTE, María Lombao Illán; SUR, en línea de trinta e sete metros, de Esperanza Silvosa, segundo o título, hoxe Socorro López Silvosa: Este, coa finca matriz; e OESTE, en liña de trinta e seis metros, camiño veciñal.

SUPERFICIE: 108,15 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de setembro de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 10799. Tomo 1141, libro 97, folio 35.

PORCIÓN VIAL Nº 100

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA – VILELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: VILELA

Lindeiros: Finca A: Norte, Leste e Oeste, con camiño; Sur coa finca matriz.  
Finca B: Norte, Leste camiño, Sur parcela 434, Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: Finca A: 347,83 m<sup>2</sup> e Finca B: 79,72 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS



TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 16 de septiembre de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca A: 10.797. Tomo 1141, libro 97, folio 28.

Finca B: 10.798. Tomo 1141, libro 97, folio 29.

PORCIÓN VIAL N° 101

GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN GAIOSO - GAIOSO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: GAIOSO

Lindeiros: Norte, estrada a Rábade a Donabal; Sur, finca matriz; este: parcela 1259; Oeste: parcela 880 e camiño

SUPERFICIE: 149,05

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de maio de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Tomo 1141, libro 97, folio 17, alta 1.

PORCIÓN VIAL N° 104

TABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN TABOI – TABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: TABOI

Núcleo/lugar: TABOI

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, finca matriz; Este, parcela 220 de Marcelino Bodenlle Ponte; e Oeste, parcela 218 de Manuel Folgueira Novo.

SUPERFICIE: 258,64 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de outubro do 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Tomo 1141, libro 97, folio 43. Finca 10807.

#### PORCIÓN VIAL Nº 105

NOME: PORCIÓN VIAL EN ALARGOS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: ALARGOS

Lindeiros: Ao Norte, herdeiros de Gervasio Lombao e Elisa Lombao Lombao, hoxe parcela 8 de Francisco Lombao Lombao; Sur, Miguel Angel López López coa parcela número 630; Este, coa finca matriz; Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 110,96 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 2 de novembro do 2.009.

**SITUACIÓN REXISTRAL:**

Finca 10806. Tomo 1141, libro 97, folio 42.

FINCA URBANA Nº 64

NOMBRE: ZONA VERDE E PARQUE INFANTIL

NATURALEZA DEL INMOBLE:

Demanal de Uso público

Prescripción: dotacional

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo/lugar: Outeiro, confluencia da N-VI con Rúa A.

Lindeiros: Norte e Leste: N-VI; Sur; Rúa A e Oeste: José Antonio Rivas Folgueira (parcela 2, pol 30309).

SUPERFICIE: 634m2.

CARGAS: Libre de cargas.

Referencia catastral: 3032901PH1733S0001HA

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

PORCIÓN VIAL Nº 91

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MACEDA – MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA.

Lindeiros: norte coa parcela nº 20, sur parcela nº 17, este con camiño público e polo oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 87,35 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 7 de abril de 2.010.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 10815. Tomo 1141, libro 97, folio 110.

Non xurdindo debate, sométese a proposta de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos a votación.

Rematada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **2.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN CONCERTADO 2010.**

O sr. Alcalde dá conta do contido da solicitude de achega da Xunta de Galicia para o Plan Concertado correspondente ao exercizo 2010, e cuxa copia se remitiu aos concelleiros xunto coa convocatoria da sesión.

Os concelleiros danse por enterados.

## **3.- DETERMINACIÓN DA FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO REGULAR DE VIAXEIRO.**

Nestros intre incorpórase dona Dulce Neira Fraga.

Iníciase o debate coa exposición, polo sr. Alcalde, do contido da proposta de convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo, así como do seu anexo técnico.

En primeiro lugar, explica que a presente proposta pretende implantar un servizo de transporte metropolitano que se diseñou nos últimos tempos do Goberno de Fraga, deúselle un pulo durante o bipartito e agora pretende realizarse efectivamente.

Distingue este convenio entre servizos de interese metropolitano e servizos de interese municipal.

Os servizos de interese metropolitano previstos no convenio consisten nun incremento da oferta de liñas xa existentes, tanto na frecuencia coma nas paradas.

Particularmente materialízase na liña Outeiro de Rei- A Carreira Vella- Castro Riveras de Lea – Lugo, que terá 4 expedicións diarias de luns a venres.

Asemade, establécense as seguinte liñas de interese municipal:

- Os Alargos –Outeiro de Rei; que realiza o percorrido: Os Alargos – Guillar-Constante-Silvarrey-Penelas-Outeiro de Rei, con dúas expedicións diarias tres días laborais a semana.
- Martul-Outeiro de Rei; que realiza o percorrido: Martul-San Xoan de Parada-Os Alargos-Guillar-Constante- Silvarrey-Penelas-Outeiro de Rei, con dúas expedicións diarias dous días laborais a semana.
- Vicinte-Outeiro de Rei; que realiza o percorrido Vicinte-Santo Tomé-Canday-Aspay-Francos-Gayoso-Caboi-Outeiro de Rei, con dúas expedicións diarias dous días a semana.

Estabrécese un sistema de pago integrado, mediante a tarxeta metropolitana, que permitirá pagar o servizo de transporte colectivo nas diferentes áreas de transporte metropolitanas de Galicia.

O custe estimado para o Concello do servizo, incluíndo os custes do sistema tarifario integrado, o incremento da oferta dos servizos de interese metropolitano e o servizo de interese municipal é de 17.868 euros para o ano 2010, 30.783 para o ano 2011.. etc. Tendo en conta para o cálculo do ano 2010 a previsión de que entrase en funcionamento en xuño, que é improbable.

Estos son custes estimativos, e que variarán en función dos contratos que se asinen cos prestadores dos servizos e da frecuentación do mesmo. Se unha liña de interese municipal fose moi frecuentada a achega municipal sería inferior.

Como non sabemos a ciencia certa a demanda que existirá do servizo, non sabemos o seu coste real. E en función desta demanda manterase tal e como se diseñou ou modificarase. No suposto de que a demanda sexa moi baixa o servizo non se poderá manter no futuro e terá que suprimirse.

O proxecto parécelle interesante, xa que a xente de unha zoa tan poboada como San Martiño o Robra poderán ir ao centro médico, ao colexio, gardería ou Concello tódolos días sen necesidade de coche, ou incluso coller o autobús para Lugo. Tamén poderalo facer dúas veces a semana a xente de Martul e daquela zoa do Concello.

Elexíronse estas rutas porque unha é unha zoa bastante poboada que precisa de servizos e a outra porque é pouco poboada e moi dispersa, e para que se reactive un pouco.

É certo que queda unha zoa do concello sen servizo, pero por algunha parte hai que comezar e, ademais, isto é unha proba, polo que os percorridos se modificarán ou incluso se eliminarán en función de cómo funcionen.

Pregunta o sr. Arcadio se as liñas de interese municipal están incluídas no convenio e si participan no mesmo máis concellos.

Resposta o sr. Pardo Lombao que as liñas de interese municipal están incluídas no convenio, e que nel participan máis concellos, se ben a meirande parte deles unicamente no que atinxe as liñas de interese metropolitano, xa que as liñas de interese municipal implican uns custes importantes.

O voceiro do BNG considera que é un proxecto interesante, e terase a agardar a ver cal é o resultado, xa que moitas veces a liñas non son rendibles porque non son utilizadas, e non son utilizadas porque non se coñece ben cal é o servizo. Por outra parte, nas áreas menos poboadas non se ter que considerar exclusivamente a rendabilidade, debendo promoverse medidas de discriminación positiva e poñer máis cartos.

Todo isto esixe a fixación duns horarios axeitados así como de publicidade dos horarios e dos servizos.

Pola súa banda, o voceiro do PSdG-PSOE, respalda a iniciativa, e asegura que practicamente non se cambiou nin unha coma do que deixou feito o anterior Goberno da Xunta de Galicia.

Pregunta se as liñas de interese municipal están xa fixadas definitivamente.

O sr. Alcalde resposta que unicamente resta por chegar a un acordo co transportista.

Ao sr. Varela parécelle ben o proxecto, se ben destaca que existen algunhas zoas bastante poboadas que quedan oa marxe, como Cela, Santa Mariña ou Matela, polo que debería estudiarse facer unha liña por esta zona.

No que atinxe a rendabilidade, as administracións públicas moitas veces non se deben rexir exclusivamente polo económico, senón polo social.

O sr. Pardo Lombao asegura que o desexo do equipo de goberno sería levar o transporte público a tódalas parroquias e con boas frecuencias, pero como os recursos públicos son escasos, hai que priorizar. E o criterio que adoptamos foi repartir os recursos o os servizos entre unha zoa moi poboadada e outra zona menos poboadada, co fin de obter un resultado equilibrado.

Ademáis, a outra zona non queda sen servizo, xa que a liña de interese metropolitano de Castro fará paradas en Arcos, Sobrada, Matela e pasará preto de Bonxe, e a que vai a Rábade tamén presta servizo das parroquias polas que discurre a N-VI.

O convenio tamén prevé a instalación marquesiñas, paneis cos horarios, co gallo de difundir as prestacións do servizo e facilitar o seu uso.

E no que respecta a rendabilidade, está de acordo con que a administración non pode atender exclusivamente a rendabilidade económica, pero tampouco pode esquecerse totalmente do que custan os servizos.

O equilibrio está entre a rendabilidade social e o seu custe económico. Dende logo, un servizo de transporte que sólo utilicen dous ou tres e que seña moi gravoso economicamente non é rendible.

Se o servizo ten boa aceptación pensárase en ampliar as restantes parroquias.

O sr. Arcadio asegura que algúns concellos en Galicia prestan o servizo dende hai tempo e que funciona moi ben.

Respóstalle o sr. Pardo que as circunstancias de hoxe en día non son as que había hai vinte ou trinta anos. Hoxe en día hai moitos máis vehículos nas casas e existen outros hábitos. Non obstante, farase o posible para potenciar o servizo.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar o establecemento do servizo de transporte colectivo regular de viaxeiros, mediante a coordinación cos servizos de transporte interurbanos da Xunta de Galicia, no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e nos termos establecidos no *convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo*”.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

### **3.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE VERQUIDOS Á REDE MUNICIPAL DE SUMIDOIROS.**

O sr. Alcalde expón aos srs. Concelleiros a seguinte proposta de modificación:

*“Art. 4*

*Corrección de erros.*

*No párrafo primeiro, onde dín ...”de forma exhaustiva”... debe decir...”de forma non exhaustiva”...*

*No punto 7, onde din ...”que se establecen como permisibles no artigo 3.1”... debe decir ...”que se establecen como permisibles no artigo 5”...*

*Art. 5.*

*Sustitúese a súa redacción que queda redactada como segue:*

*As concentracións máximas instantáneas de contaminantes permisibles nas descargas de vertidos á rede de saneamento son as establecidas no anexo I do presente regulamento, sen que poida admitirse a dilución para acadar os devanditos límites.*

*As augas residuais que non cumpran as limitacións que para o seu verquido na rede de alcantarillado se establecen no presente regulamento, haberán de ser obxecto do correspondente tratamento por parte do usuario, de forma que poida ser posible o seu verquido nas condicións esixidas.*

*Art. 6*

*Introdúcese un novo apartado 6*

*6.- As recollidas e conducións de saneamento dentro das propiedades particulares serán separativas para augas pluviais y fecales aínda cando non exista rede separativa municipal nas inmediacións. Ambas redes contarán antes do vertido á rede municipal con sendas arquetas o pozos de rexistro de control fácilmente accesibles das dimensións necesarias para a toma de mostras. Situaranse no límite de parcela colindante ca vía pública. No caso de non existir sistema separativo municipal no momento da acometida á red xeral as arquetas de control se construírán pegadas entre si e quedarán unidas permitindo o paso de unha á outra de forma que a acometida sexa única.*



## ANEXO I. - VERTIDOS LIMITADOS

<b>Parámetro<sup>(1)</sup></b>	<b>Valor límite</b>	<b>Unidades</b>
pH	5,5-9	
1,2 Dicloroetano	0,40	mg./l
Aceites e graxas	100,00	mg./l
Aldehídos	2,00	mg./l
Aluminio	10,00	mg./l
Amoníaco	30,00	mg./l
AOX <sup>(2)</sup>	2,00	mg./l
Arsénico	1,00	mg./l
Bario	10,00	mg./l
Boro	3,00	mg./l
BTEX <sup>(3)</sup>	5,00	mg./l
Cadmio	0,10	mg./l
Chumbo	1,00	mg./l
Cianhídrico	10,00	cc/m <sup>3</sup> de ar
Cianuros	0,50	mg./l
Cianuros disoltos	1,00	mg./l
Cloro	1,00	cc/m <sup>3</sup> de ar
Cloruros	2.000,00	mg./l
Cobre	3,00	mg./l
Conductividade eléctrica (25° C)	5.000,00	µS/cm
Cor	Inapreciable en dilución 1/30	
Cromo hexavalente	0,5	mg./l
Cromo total	2,00	mg./l
DBO <sub>5</sub>	500,00	mg./l
DQO	1.000,00	mg./l
Deterxentes	6,00	mg./l
Dióxido de xofre	15,00	mg./l
Estaño	3,00	mg./l
Fenois totais	1,00	mg./l
Ferro	10,00	mg./l
Fluoruros	10,00	mg./l
Fosfatos	60,00	mg./l
Fósforo total	40,00	mg./l
Hidrocarburos	15,00	mg./l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,20	mg./l
Manganeso	5,00	mg./l

<b>Parámetro<sup>(1)</sup></b>	<b>Valor límite</b>	<b>Unidades</b>
Materias inhibidoras	20,00	equitox
Mercurio	0,01	mg./l
Níquel	2,00	mg./l
Nitratos	50,00	mg./l
Nitrógeno amoniacal	40,00	mg./l
Nitrógeno total Kjeldahl	30,00	mg./l
Nonilfenol	1,00	mg./l
Percloroetileno	0,40	mg./l
Pesticidas	0,10	mg./l
Praguicidas totais	0,10	mg./l
Selenio	0,50	mg./l
Sólidos en suspensión	500,00	mg./l
Sulfatos	400,00	mg./l
Sulfhídrico	20,00	cc/m <sup>3</sup> de ar
Sulfuros disueltos	0,30	mg./l
Sulfuros totais	1,00	mg./l
Temperatura	30,00	°C
Detergentes aniónicos	6,00	mg./l
Triacinas totais	0,30	mg./l
Tributilestaño	0,10	mg./l
Triclorobenceno	0,20	mg./l
Zinc	2,00	mg./l

O sr. Alcalde defende a modificación no feito de que os parámetros recollidos no anterior regulamento coincidían cos fixados no permiso de verquido da Confederación Hidrográfica trala depuración, polo que, de respectarse polos particulares non sería necesaria a pranta depuradora. Asemade, establécese a obriga de separar as augas pluviais y fecales aínda cando non exista rede separativa municipal nas inmediacións, coa finalidade de que as augas pluviais non disminúan a eficiencia da depuradora.

Non xurdindo debate, sométese a proposta de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos a votación.

Rematada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **5.- MOCIÓNS.**

Iníciase o debate coa defensa, polo sr. Arcadio, da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG con data de 20 de abril de 2010 e número de rexistro 1234, do seguinte teor literal:

*“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte*

### *PROPOSICIÓN PARA DEBATE EN PLENO SOBRE O CENTRO DE ESPECIALIDADES DA PRAZA DO FERROL*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Nos vindeiros meses entrará en funcionamento o novo hospital de Lugo, denominado Complexo Hospitalario Universitario Lucus Augusti, en segundo todas as informacións o Goberno da Xunta e a Consellería de Sanidade pretenden trasladar a este novo edificio todas as modalidades de consultas existentes no concello e que están ubicadas en distintos locais e espazos físicos.*

*A política sanitaria das últimas décadas primou que a maior parte da atención sanitaria recaese nos hospitais, e este "hospitalocentrismo" ten que mudar para adecuarse aos cambios sociais e apoiarse nos ' avances tecnolóxicos, co fin de prestar unha asistencia eficiente que favoreza aos pacientes e ao seu entorno.*

*É necesario apoiar e potenciar as novas modalidades de atención sanitaria que melloren a calidade asistencial das usuarias e usuarios, para o que son necesarias alternativas á hospitalización tradicional. Dentro destas alternativas figuran en lugar destacado as novas modalidades de Consultas externas e a creación e mantemento dos centros de Especialidades, ambas as dúas fórmulas acaídas para descentralizar a Atención Especializada e facela máis accesible aos cidadáns.*

*O Centro de Especialidades de Lugo conta con especialistas e outros profesionais, así como cos recursos técnicos que fan que se realice unha labor asistencial moi importante na prevención, diagnóstico, tratamento e seguimento das distintas patoloxías. Estas son derivadas ao hospital ou a outros centros se os profesionais consideran que a situación require doutros medios.*

*Por iso é primordial que a Consellaría de Sanidade e o Servizo Público Galego de Saúde manteñan o Centro de Especialidades da Praza de Ferroj. De non ser así, estaríamos sendo cómplices da descapitalización do Sistema Público de Saúde e de que Lugo, unha vez máis, veza recortadas as súas infraestruturas de prestacións sanitarias.*

*O Centro de Especialidades da Praza de Ferrol é referencia para Lugo capital, Abadín, Cospeito, Muras, Vilalba, Xermade, Meira, A Pastoriza, Pol, A Pontenova, Riotorto, Ribeira de Piquín, A Fonsagrada, O Corgo, Castroverde, Baleira, Baralla, Guitiriz, Palas de Rei, Antas de Ulla, Monterroso, Guntín, Portomarín, Taboada, Sarria, Paradela, O Páramo, Láncara, Triacastela, Samos, O Incio, Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita `do Cebreiro, Castro de Rei, Rábade, Begonte, Outeiro de Rei, Friol e Negueira de Muñiz. É dicir, atende a unha poboación total de 224.535 habitantes.*

*No centro aténdese unha media de 800 usuarios e usuarias diarios, dos que un 50% son do concello de Lugo e o outro 50% dos concellos da Área. Isto implica que ao mes acoden ás consultas uns 12000/14000 usuarios/as, o que dá un resultado de 200.000 persoas ao ano que fan uso do Centro.*

*Se eliminan o Centro de Especialidades da Praza de Ferrol e o trasladan ao novo Hospital, estarán incidindo na non racionalización nin rendabilización dos recursos xa existentes, masificando unhas consultas externas que teñen que ser o contrario das actuais (ateigadas e masificadas en canto ao número de persoas a atender polo persoal, en canto ao espazo físico das consultas e dos lugares de espera, en canto a ausencia dunha atención personalizada, humanizada, con máis tempo, e cuns espazos con confortabilidade tanto para as persoas a atender como para as e os profesionais).*

*Non toda a asistencia ten que estar no Hospital. Neste é onde se deben prestar servizos moi especializados, de técnicas moi específicas que teñen que apoiarse nos avances tecnolóxicos, independentemente que precisen de hospitalización ou non. O resto das consultas deben prestarse fóra del.*

*Diante desta situación o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Instar á Xunta de Galiza, á Consellería de Sanidade e ao Servizo Público Galego de Saúde a que manteña en `funcionamento o actual Centro de Especialidades da Praza de ferro/ no camiño de evitar a saturación do novo hospital e garantir a prestación da atención sanitaria en condición óptimas que favorezan aos pacientes e ao seu entorno.”*

A continuación, deféndese polo sr. Varela, a moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE con data de 24 de abril de 2010 e número de rexistro 1314, do seguinte teor literal:

*“D. Miguel Ángel López Varela na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei e concelleiros/as do mesmo grupo, comparecen e como mellor en dereito proceda DIN:*

*Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*No centro de especialidades da Praza do Ferrol (antigo ambulatorio) ven realizándose consultas xinecología, endocrinología, cirurxía, oftalmología, dermatología, otorrinolaringología, traumatología, cardiología, etc.*

*Ademais está dotado servizos de radiología e de laboratorio, considerados como servizos de apoio aos centrais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde.*

*Dende a Consellería de Sanidade plantexase baleirar este centro, trasladando ao seu persoal ao novo hospital Lucus Augusti.*

*A sensación que ternos, despois doutras manifestacións relativas aos hospitais da*

*Deputación Provincial (hospital de San José en Lugo e hospital psiquiátrico de San Rafael) é que se pretende levar ao novo Complexo Hospitalario (hospital Lucus Augusti e hospital de Calde) todo o persoal, o que supón de feito reducir o número de camas hospitalarias e de consultas.*

*É evidente, polas declaracións e actuacións levadas a cabo polo persoal do centro de especialidades, que están en contra de dito traslado e en ese sentido recolleron sinaturas. O que solicitan, é máis medios diagnósticos e unha potenciación do centro.*

*Na área sanitaria de Lugo hai unha poboación de 220.000 habitantes e comprende a 41 concellos. Ao centro de especialidades achéganse pacientes de todos eses concellos. No obstante, o interese sanitario do seu mantemento e mellora, abrangue ao conxunto da poboación da provincia.*

*A rendabilidade do centro non se pode cuestionar, porque estanse a facer preto de 200.000 consultas ao ano. Vaise en dirección contraria a un achegamento dos servizos ás persoas, aplicando un hospitalocentrismo con concentración de medios que mina o espírito e a letra das normativas sanitarias básicas.*

*O artigo 5 da vixente Lei de Saúde de Galicia recolle que a atención especializada (...) será prestada no hospital, xunto aos centros de especialidades adscritos ao mesmo (...). polo tanto trátase de manter, como mínimo as actuais prestacións sanitarias do centro.*

*Neste momento de incremento sustancial das listas de espera, singularmente as de consultas de especialidades, ninguén se pode permitir o luxo de reducir as mesmas, senón todo o contrario, hai que apostar pola potenciación das consultas, camiñando cara a conseguir unha redución nos prazos de consulta, diagnóstico e tratamento, chegando a ser un centro de alta resolución.*

*Por iso o grupo municipal do PSdeG-PSOE diante do Pleno desta corporación propón a aprobación do seguinte ACORDO:*

*O pleno do Concello de OUTEIRO DE REI insta á Consellería de Sanidade a:*

- 1. Manter as actuais consultas de especialidades, persoal e medios diagnósticos do centro de especialidades da praza do Ferrol.*
- 2. Elaborar un Plan Funcional que potencie e mellore o centro, para convertilo nun centro de alta resolución con capacidade para axilizar as consultas, probas e tratamentos.”*

En tanto versan sobor o mesmo asunto, o sr. Alcalde decide tratalas conxuntamente, ao que prestan a súa conformidade os voceiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

Trala defensa das mocións, toma a palabra o sr. Pardo Lombao, que afirma estar seguro de que é necesario manter os centros de saúde e os PACs e mellorar a asistencia ao paciente, pero non pode estar seguro que sexa necesario manter non sabe cantos centros hospitalarios en Lugo ou descentralizar os servizos hospitalarios.

Ademáis, para un concello coma Outeiro de Rei, o mellor é que os servizos sanitarios os presten nun punto concreto que terse que andar movendo dun punto a outro de un concello distinto. Porque o que propoñen na moción é que un veciño de Outeiro de Rei teña que facerse unha radiografía nun centro, a seguinte proba no outro... etc. o que non é precisamente lóxico, racional nin cómodo.

Así que cree que, en vez de andar opinando sobor aspectos técnicos que precisan de estudos que non temos, debemos buscar e defender unha boa calidade do servizo sanitario.

E non podemos esquecer que o goberno central está a recortar a financiación que lle corresponde a Galicia, polo que é imprescindible racionalizar, aínda máis, o gasto. E manter dous centros, se non é necesario para prestar un bo servizo, é improcedente, xa que non se pode esquecer que os custes dos servizos os pagan os cidadáns.

Insiste en que, para os veciños de Outeiro de Rei é o mesmo que o hospital estea na praza do Ferrol que onde vai agora. O que si que é importante é non ter que ir dun lado para o outro para facer as probas. E recorda que a Xunta está a facer un importantísimo esforzo económico para mellorar as infraestruturas sanitarias de Lugo, e seguro que redundará nunha mellora sustancial do servizo.

Intervén o sr. Arcadio, que dí estar dacordo con que se precisa unha boa sanidade pública, e recalca o feito de que sexa pública. Pero recorda que o hospital non o vai usar unicamente os veciños de Outeiro de Rei, senón de outros concellos, especialmente de Lugo, e aos veciños de Lugo lles queda máis próximo o actual hospital.

Tamén está por ver que a concentración de servicios sexa máis eficiente que a descentralización. Pero, en calquer caso, o que dubida seriamente é a capacidade do novo hospital.

Tampouco pode alegarse rendibilidade económica, xa que os servicios sanitarios non poden medirse por estes parámetros.

O voceiro do PSdG-PSOE, alega que, de falarse de rendibilidade económica, o máis razoable sería manter o hospital vello, xa que a infraestrutura xa está creada, e sobre todo cando se fala de escasez de camas. Sería salientable que, logo de pechar o hospital vello, houbera que ampliar o novo.

A lei de sanidade de Galicia xa di que os servicios sanitarios débense prestar nos hospitais e centros de especialidades, polo que está a falar de dous infraestructuras diferenciadas.

O sr. Alcalde apunta reflexiona sobre o xeito de actuar do PSOE e BNG, que cando se poñen a facer propaganda política, falan dos servicios públicos coma se non custasen cartos, coma se os pagasen as administracións públicas, e non os cidadáns mediante os seus impostos.

Pero a realidade é que os servicios públicos os pagan os cidadáns cos seus impostos, polo que os políticos temos a obriga de optimizar o máximo os cartos para obter o mellor servicio posible ao menor custe posible.

E a construción dunha infraestrutura coma o novo hospital obriga a reestructurar a totalidade dos servicios sanitarios que se prestaban no hospital antigo, como é lóxico e fácil de comprender. E esta reestructuración unicamente debe buscar a eficacia e mellor ado servicio.

Claro está que os partidos do bipartitos non entenden así a reestructuración, e non hai máis que ver a de “chiringuitos” que montaron cando gobernaron. Esa é a reestructuración que buscan e defenden.

Non é certo que aquí se esteamos falar de rendibilidade económica. O que defendemos é un equilibrio entre rendibilidade social e custes económicos. E negar este necesario equilibrio é mal administrar.

E se a concentración de servizos no novo hospital permite unha mellora de calidade e a menor custe, pois esa será a única opción lóxica. O demáis é facer propaganda.

E recorda que será a Xunta, e os seus técnicos os que deben identificar a mellor opción, e non nos aquí, que carecemos de todo coñecemento técnico na materia. Polo que a este Pleno unicamente lle corresponde expresar os intereses dos veciños do concello de Outeiro de Rei, e aos veciños de Outeiro de Rei lles é igual unha ou outra ubicación, aínda que él persoalmente cree que se chega antes ao novo hospital. O que realmente lles interesa é que a nova reestructuración se faga o mellor posible.

Rematado o debate, sométese a votación conxunta ambas mocións.

Realizada a votación, as mocións resultan rexeitadas con cinco votos a favor dos concelleiros dos grupos do BNG e PSsG-PSOE, e seis votos en contra pertencentes aos restantes concelleiros.

A continuación trátase a moción presentada polo grupo municipal do PSsG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 24 de abril de 2010, e número de rexistro 1313, do seguinte teor literal.

*“D. Miguel Ángel López Varela na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei e concelleiros/as do mesmo grupo, comparecen e como mellor en dereito proceda DIN:*

*Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O novo hospital Lucus Augusti está situado no concello de Lugo, no lugar chamado de San Cibrao. Foi vontade do Concello de Lugo, ceder os terreos necesarios para que a poboación de toda a provincia contase cun centro desta importancia.*

*Dentro dos terreos públicos cedidos, están comprendidas aquelas parcelas destinadas a acoller uns aparcadoiros (párking), que supoña un servizo para os traballadores do centro, para os pacientes que acudan a consultas, probas diagnósticas e tratamentos. Tamén para aqueles, que se vexan na obriga de ingresar e para os familiares e amigos que os visiten.*

*Os comentarios e declaracións dalgúns responsables da administración da Xunta, apuntan cara á intención da consellería de Sanidade, de privatizar o servizo. Isto é que se pretende cobrar aos traballadores e usuarios do hospital, pola utilización dos aparcadoiros.*

*Ata o momento o hospital de Calde, hospital de San José, hospital Xeral-Materno-Infantil (públicos) e incluso o hospital POLUSA (privado), dispoñen de aparcadoiros gratuitos.*



*Dende o grupo municipal socialista non compartimos esta idea, de que nuns terreos públicos, e dicir de tódolos cidadáns, se pretenda o cobro por aparcar, e menos nun hospital que teñen que utilizar os cidadáns de xeito abrigado porque, ou ben están enfermos ou teñen algún familiar nesa situación.*

*Por iso o grupo municipal do PSdeG-PSOE diante do Pleno desta corporación propón a aprobación do seguinte ACORDO:*

*O pleno do Concello de Outeiro de Rei insta á Consellería de Sanidade a:*

*Decidir que os aparcadoiros (párking) do hospital Lucus Augusti, sexa gratuíto para traballadores, pacientes e familiares ou acompañantes.”*

Rematada a súa defensa polo voceiro do PSsG-PSOE, toma apalabra o voceiro do BNG, que manifesta a súa oposición a que o aparcadoiro do novo hospital sexa de pago, xa que non é de recibo que o doente ou os seus familiares que o van ver teñan que pagar.

O sr. Alcalde anuncia que non se pode apoiar esta moción polas seguintes razóns:

- Porque non lle consta que se vaia a facer un aparcadoiro de pago.
- Porque se o Concello de Lugo fixo unha cesión nunhas determinadas condicións, segundo afirma o voceiro do PSdG-PSOE, non hai nada máis que dicir, xa que o único que toca é cumprir ditas condicións.

Todo o demais é facer pura propaganda.

O sr. Varela indica que o Concello de Lugo, ao facer a cesión, nin se lle pasaría pola cabeza que se pretendese cobrar pola utilización do aparcadoiro público xa que é un disparate.

E si se trae esta moción é porque algo se escoita en tal sentido, polo que é convinte tratar o asunto de xeito preventivo, xa que tratalo unha vez que o mal está feito non é o razoable.

Respóstalle o sr. Pardo que non e tan disparatado cando o Concello de Lugo cobra por aparcar en tódalas rúas públicas, fagas o que fagas. Pero, en calqueira caso, insiste en que esta moción non ten sentido xa que non consta que se vaia facer o que se día na moción.

Rematado o debate, sométese a votación conxunta da moción.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor dos concelleiros dos grupos do BNG e PSsG-PSOE, e seis votos en contra pertencentes aos restantes concelleiros.

A continuación trátase a moción presentada polo grupo municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 27 de abril de 2010, e número de rexistro 1324, do seguinte teor literal.

*“Arcadio Lombao Román e Dulce M<sup>a</sup> Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte*

*MOCION PARA A MELLORA DE ACCESOS NO ENTORNO DA NACIONAL VI  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*No percorrido da Nacional VI hai dous tramos nos que os veciños e veciñas deste Concello se ven obrigados a cruzar esta vía sen as máis elementais condicións de seguridade:*

*1- O antigo cruce da estrada de Constante á estrada de San Martiño.*

*Respecto a este punto xa foi solicitada con anterioridade ao Ministerio de Fomento, mediante unha moción presentada polo BNG e ratificada por unanimidade polo pleno da corporación, a construción dun paso elevado.*

*A unha pregunta feita por este grupo no Parlamento do Estado respondéusenos que Fomento non contempla a construción de ningún paso elevado, xa que a 500 metros hai un cambio de sentido para vehículos. Non é xustificable que unha vía proxectada para vehículos teña que cumprir a función de paso para peóns.*

*2- O núcleo urbano de Outeiro, que é dividido pola estrada; deixando a un lado: o centro médico, o PAC, a farmacia e a residencia da terceira idade e ao outro: o edificio administrativo do Concello, a Caixa Rural, a escola infantil municipal ou a parada de bus dirección Lugo, entre outros.*

*Este punto da N-VI, como o anterior, é atravesado todos os días por moitos veciños e veciñas que se xogan a súa integridade física (e mesmo a vida) ao cruzar a vía a pé.*

*No caso de San Martiño o perigo agrávese ao contar neste lugar con separadores de formigón, que se saltan a pesar da prohibición; e no caso do núcleo de Outeiro, con dous carrís de circulación, un central de incorporación e outro de desvío.*

*Tamén situado no centro da vila, nas inmediacións do cruce da estrada N-VI coa estrada LU-115 que une Outeiro de Rei e Castro Ribeiras de Lea, a un lado da vía está a farmacia (de servizo 24 h.) e ao outro o Centro Médico e o PAC.*

*Esta estrada tamén é cruzada todas as semanas por centos de veciños, veciñas e visitantes sen que ningunha sinalización o regule.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno do Concello a seguinte proposta de*

*ACORDO:*

*Instar ás administracións competentes a:*

*1- A construción de pasos para peóns a distinto nivel na estrada N-VI, nos lugares de cruce de San Martiño e vila de Outeiro de Rei.*

*2- A sinalización para peóns na estrada de Outeiro de Rei a Castro Ribeiras de Lea, á altura da farmacia local.*

*Outeiro de Rei, 26 de maio de 2010.”*

Rematada a defensa da moción polo sr. Arcadio, fai uso da palabra o voceiro do PSdG-PSOE, que recorda que este tema xa foi tratado en varias ocasións neste Pleno. Afirma que é preocupante que o núcleo de Outeiro esté como está, dividido pola N-VI, sen pasos de peóns que permitan cruzar dun lado a outro, nin tan sequera a altura da residencia de anciáns.

Pregúntase porqué hai concellos que, a pesares de seren cruzados pola N-VI, ao igual que Outeiro de Rei, non sofren estes problemas. E pon coma exemplo a Guitiriz.

Considera que a solución debería vir do Plan Xeral, pero como non existe Plan Xeral non se pode desenvolver coma é debido o núcleo de Outeiro de Rei.

O seu grupo está de acordo con que se fagan pasos de peóns, ben elevados, soterrados ou a nivel.

Pola súa banda, o sr. Pardo Lombao indica que considera necesario habilitar pasos de peóns, non só en Outeiro a altura do Soborvila ou en Guillar, senón tamén en Robra a altura de Penelas, a altura de Larsa, a altura do Castro, do Cantón, a altura do Colexio. Tamén considera que na intersección da N-VI coa LU-115, polo súa intensidade de circulación, habería que facer unha rotonda.

Todas estas peticións foron transmitidas a Carreteras máis dunha vez, e nunca foron atendidas. Propón incluso que o Ministerio de Fomento propoña as solucións máis axeitadas, pero son precisas solucións que, pese a ser demandadas dende o Concello, non chegan dende o Ministerio.

Defende a rotonda na intersección entre a N-VI coa LU-115, porque as rotondas ralentizan a velocidade do tráfico e fan moito máis seguros os pasos de peóns. Ademais, os pasos de peóns a nivel son moito máis accesibles que os pasos soterrados ou elevados, xa que en calquera dos casos hai que subir. E si se utilizan ascensores os custes de implantación e mantemento incrementábase moito.

Polo que respecta a intervención do voceiro do PSOE, asegura que non é verdade que en Outeiro de Rei non exista planeamento xeral. En Outeiro de Rei existe planeamento xeral e o que sucede é que cando se aprobou o plan, polo ano 1992, a Administración central non permitiu a rotonda nin reducir a liña de edificación coma en Rábade, Lugo ou Guitiriz, (que dispoñen de un planeamento moi anterior) e de ahí a situación actual.

Ademais, en Rábade, Lugo ou Guitiriz existe un núcleo en torno a N-VI consolidado dende hai máis de 50 anos, polo que ao aprobar o planeamento xeral non queda máis remedio que respetar o que existe.

Asegura que, agora que temos un Ministro de Fomento moi espléndido e que ten moitos cartos, é un bó momento para pedir estas pequenas actuacións, que son *pecata minuta*.

Por iso propón modificar a moción e solicitar ao Ministerio de Fomento habilitar pasos – coa solución técnica que consideren máis conveniente- en Outeiro a altura do Soborvila ou en Guillar, en Robra a altura de Penelas, a altura de Larsa, a altura do Castro, do Cantón, a altura do Colexio, na Pontenova e resolver a intersección da N-VI coa LU-115.

O sr. Arcadio di que a moción prevé remitila a “Administración competente”.

O sr. Pardo asegura que en tódolos casos é o Ministerio de Fomento, incluso a altura da farmacia.

O sr. Arcadio acepta ampliar os pasos a solicitar, pero o que non pode ser é que en Ramil existan pasos elevados con ascensores.

O sr. Pardo non lle parece mal que poñan pasos elevados con ascensores, pero incluso é máis flexible e admite outras solucións menos costosas, pero que arranxen o problema.

Propón ao sr. Arcadio modificar a moción no sentido de incorporar os puntos de cruce expostos no debate, deixando abertas as solucións técnicas para que o Ministerio adopte as que considere máis convenientes.

O sr. Arcadio acepta a modificación da moción.

Sométese a votación a moción presentada coa citada modificación.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Por último, trátase a moción presentada polo grupo municipal do PSsG-PSOE con data de rexistro de entrada de 27 de abril de 2010, e número de rexistro 1325, do seguinte teor literal:

*“D. Miguel Ángel López Varela na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei e concelleiros/as do mesmo grupo, comparecen e como mellor en dereito proceda DIN:*

*Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*No DOG do venres 26 de febreiro de 2010 a Consellería de Medio Rural publicaba a Orde do 22 de febreiro de 2010, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2010, e segundo os criterios de adxudicación que o Fogga (Fondo Galego de Garantía Agraria), vai seguir á hora de distribuír as axudas, suporán graves perdas na renda dos gandeiros.*

*Segundo as bases da devandita orde de axudas, máis de 2.800 explotacións leiteiras galegas resultan discriminadas ao quedaren excluídas das zonas desfavorecidas ou de montaña, e múltiples explotacións, fundamentalmente explotacións que se dedican á produción de carne, resultarán desfavorecidas debido ás modificacións que establece a Consellería de Medio Rural nas bases da convocatoria.*

*A Consellería de Medio Rural introduce así, dentro das devanditas bases, unha diferenza nas superficies consideradas en cada categoría de aproveitamentos, incorporando os pastos arbustivos e os prados con arboredo aos aproveitamentos que teñen un coeficiente redutor de 0,15, no caso das axudas de indemnización compensatoria dirixida a agricultores cuxa actividade agraria radica nas zonas desfavorecidas de montaña ou zonas distintas da montaña, e limitando as axudas integradas no contrato de explotación sustentable aos pastos non permanentes, o que supón unha redución por este motivo das axudas recibidas por explotación con prima por Control integrado e por indemnización compensatoria.*

*Outra recente modificación que houbo, foi na liña de Razas autóctonas en Perigo de Extinción, dentro do CES, que consiste na eliminación do límite de importe de axuda por UTA, introducindo un único límite por explotación de 24.000 € para axudas agroambientais máis benestar animal, exceptuando as razas autóctonas en perigo de extinción e agricultura e gandería ecolóxicas, que as desvinculan establecéndolles un límite de 24.000 €/explotación.*

*Deste xeito poderían lucrarse inxustamente determinadas explotacións con titulares que non teñen como actividade principal a agricultura ou a gandería.*

*Tal situación de agravio das explotacións galegas prodúcese nun momento de grave crise do sector agrogandeiro, onde os prezos das producións non cobren os custes de produción, de xeito que moitas explotacións verán comprometido o seu futuro e a súa viabilidade.*

*Por iso o grupo municipal do PSdeG-PSOE diante do Pleno desta corporación propón a aprobación do seguinte ACORDO:*

*O Grupo Municipal Socialista de OUTEIRO DE REI solicita ao concello de OUTEIRO DE REI- para que Inste ao Goberno galego a:*

*Desenvolver as actuacións que sexan necesarias para compensar ás explotacións galegas que resultan discriminadas pola aplicación das bases da Orde do 22 de febreiro de 2010 da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas*

*ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas para o ano 2010, co fin de garantir o futuro e a competitividade das explotacións galegas, de tal xeito que:*

*a) Non se dean situacións de desigualdade entre explotacións.*

*b) Se manteña, como mínimo, a mesma compensación económica ás explotacións galegas que en exercicios anteriores.*

*c) Se establezan axudas de carácter agroambiental para o presente ano 2010, coa suficiente dotación económica, recoñecendo os labores de coidado do medio ambiente e de protección da paisaxe, que realizan os gandeiros e as gandeiras, de xeito que se compensen as reducións na contía das axudas en aplicación da Orde do 22 de febreiro de 2010 da Consellería de Medio Rural.”*

Trala defensa da moción polo sr. Varela, fai uso da palabra o sr. Arcadio, que asegura que todo o que pase por reducir subvencións as explotacións nestes intres non é adecuado. Engade que onde se produce unha meirande redución é no control integrado, pero tamén hai unha redución importante no servizo de aconsellamento.

Conclúe afirmando que o novo Goberno da Xunta de Galicia mantivo sempre unha liña de redución de axudas ao agro.

Intervén o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don Luis Varela, que afirma que se ben existe unha certa redución nas achegas, ésta débese a forte crise económica que existe, e que implica unha necesaria redución do gasto.

Sinala que, aínda así, non todo son reducións, xa que a contía mínima do CES que estaba en 8.000 euros, acada agora os 24.000 euros. Este incremento para unha unidade de traballo é un incremento importante.

Respóstalle o voceiro do PSdG-PSOE, que pode que exista algúnha mellora, pero a meirande parte das explotacións galegas van a saír perxudicadas. No que respecta aos 24.000 euros, entran aquí tódalas explotacións, incluídas aquelas nas que o titular non ten coma actividade principal a agraria. E isto lle parece inxusto.

O sr. Arcadio puntualiza que a redución é de tres millóns de euros.

O sr. Pardo Lombao recorda, na súa condición de gandeiro, que a situación actual do agro galego débese a acción do PSOE, que na integración na UE negociou unha cuota de seis millóns de tm. Cando xa estábamos a producir dez millóns. Ésta foi unha redución brutal.

Asegura o voceiro do PSOE non pretende convencer ao seu grupo coa moción. Asegurar isto é tanto como asegurar que a moción non ten por finalidade obter puntos comúns de opinión, senón unicamente facer propaganda. Isto é impresentable.

Di o sr. Pardo que o voceiro do PSOE alega que se está a discriminar a 2.900 explotacións, pero o PSOE discriminou a 12.000 explotacións que ten Galicia pola inacción total por parte do Goberno do Estado nas negociacións en Europa, ou no control das importacións. E recorda que España, que produce as dúas terceiras partes do

leite que consume, ten uns presos ridículos en orixe que non se explican en condicións normais de mercado.

E isto non acaba aquí, xa que, ademáis de non facer nada, recorta 200 millóns de euros da financiación que lle corresponde a Galicia, dificultando a Xunta a adopción de políticas propias (agrarias, educativas, sanitarias...).

E se o sr. Arcadio asegura que a redución do decreto é de tres millóns de euros, e o recorte do Estado a Xunta é de 200, a redución das subvencións é ben pequena.

Insiste en que o problema dos gandeiros non son as subvencións, que non queren ser persoas subvencionadas. Os gandeiros queren ser empresas rentables, e para iso o Goberno do Estado ten que negociar un marco axeitado en Europa, e tense que evitar a venda de leite francés a prezo inferior ao de mercado, inundando o mercado e tirando polo chan os prezos do leite. Isto non pode ser. E isto é competencia exclusiva da Administración central.

A Xunta outorgou unhas axudas extraordinarias o ano pasado, pagando un céntimo por litro de leite, pero iso é anecdótico, porque a empresa segue sendo inviable. E a Xunta xa pode poner 24.000 euros por unidade de traballo ou 50.000, que se a Administración central non fai o seu traballo defendendo os gandeiros en Europa, o problema non ten solución.

E non se pode esquecer que olvidándose dos gandeiros e agricultores estase producindo un grave dano ao medioambiente, xa que os gandeiros son quen es coidan do medio.

Por último, os gandeiros xa saben o que ofrece o PSdG-PSOE, porque saben como estaban fai uns anos e cómo están agora e o demostraron nas últimas eleccións.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de moción.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor dos concelleiros dos grupos do BNG e PSsG-PSOE, e seis votos en contra pertencentes aos restantes concelleiros.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde